

ESPERANZA

O GUIÓN

Todo empezou cando remataba o ano 85. Recibín a visita dun especialista no tema da drogodependencia que me propuxo a idea de facer algo sobre o alcoholismo. Daquela tiña enriba da mesa as primeiras fotocopias do guión técnico do que espero que algún día se converta na miña primeira longametraxe, **Sempre Xonxa**.

De primeiras, interesoume moito o tema, pois vai polo camiño de plantexar a problemática social galega, coa que eu sempre me sinto preocupado, sendo ademais un problema universal.

Aceptei comezar a estudar o tema, pero sen ningún compromiso, sen data nin guión, nin financiamento, sen nin sequera comprometerme a realizar nada.

Tiven a honra de ser invitado a asistir a unhas terapias de grupo de alcohólicos. Fun aceptado gustosamente por todos eles sabendo porque e para que estaba alí. Durante máis de dous meses asistín semanalmente ós seus encontros, escoitei as súas impresionantemente sinceras confesións, a súa interminable loita, os seus devalos e os seus folgos para se erguer, a súa teima cotiá, a súa solidariedade nos intres escuros, a súa agresividade valente para espir as mentiras subconscientes... Descubrín sen pensalo unha xente exemplar que loita pola vida. Unha xente marabillosa que a nivel persoal supuxo unha das experiencias máis importantes da miña vida.

Gracias a eles, o que ó principio era unha idea atractiva transformouse en algo diferente e vin clara a miña necesidade de contar todo aquilo nunha película. Mellor dito, en moitas películas diferentes, películas das que a min me gustan, películas de loita pola vida.

Cada home e cada muller eran un caso diferente de alcoholismo que xustificaría unha diferente historia humana. Cada un deles ten detrás unha vida distinta, unhas experiencias, unha familia, un entorno social, un traballo... que os leva ó alcohol.

Por iso, baseándome nas varias problemáticas que coñecía, decidín inventar unha. Metín o que eu supuxen que era común na maioría e creei uns personaxes que puidesen ser representativos. Sempre falo relativamente, pois é imposible que tódolos que sofren o problema do alcohol respondan sempre como os meus personaxes. Pero **Esperanza** é unha historia, nada máis.

Eu sei que non son un especialista, un científico do tema, pero a min o que máis me preocupa é a dimensión humana, a vida e a morte que loitan física ou espiritualmente, e así si que me atrevo a entrar. Por iso plantexei a película desde o punto de vista do neno, do fillo do alcohólico e máis da muller, da nai do neno. Víctimas ó final como o propio alcohólico.

A ESTÉTICA

Logo de **Mamasunción**, sabía que había moita xente que esperaba verme seguir polo mesmo camiño. Sería demasiado doado para min e confeso que algún día retomarei ese camiño (se podo). Pero tiña ganas de enfrontarme con algo diferente, de rachar, de ter un desafío, de non ser clasificado, encadeado a un xeito determinado de facer cine.

Por iso enfronteime de sutaque cunha estética diferente, con decorados cheos de cemento, sen sol nin verde. Algo diferente do que tiña feito. Unha estética urbana, dura, agresiva (mesmo durante a rodaxe), fría, cunhas sombras-luz con máis de cinco diafragmas de diferenza, con puntos de fuxida centrais desacougantes... Todo isto é esixencia do guión, forma parte da propia historia. Vai en función do que eu pretendo, de deixar no peito do espectador unha sensación de falta de espacio e nos miolos un coitelo preocupante que non se sabe se corta ou vai cortar.

Esperanza non é unha película para pasar o tempo e divertirse tranquilamente. É unha película que expón un problema e sentiríame a gusto se, despois de vela, dá que falar do tema, deixa moitas cousas pendentes que o espectador terá que pór sobre a mesa.

O FINANCIAMENTO

Falar aquí deste tema pode que moitos o tomen impropio, pero eu coido que non sería xusto ignoralo.

Dirixinme ó Concello de Vigo para a produción en parte desta película e topeime con que non só o subvencionaba, senón que estaban dispostos a produci-la integralmente. Algo que noutros países é normal pero que aquí é excepcional. Un replantexamento no guión, que escrito por segunda vez foi a base da película, fíxoa encarecer. Eu estaba disposto a facelo ben como fose, solucionando dalgún xeito ese novo presuposto necesario para facer dignamente o proxecto. Plantexei-lo ó Concello e respondeu axiña dun xeito positivo, responsable e sensible.

Tiven toda a liberdade posible para a realización, toda a colaboración posible en tódolos funcionarios e partidos do Concello. Sempre pensei en facer unha película para Vigo e deixáronme facela. (Inda que moitos verían con mellores ollos unha película de postais turísticas da cidade, pero este non é o caso).

Asumo a responsabilidade dos posibles erros como exclusivamente meus e agradezolle sinceramente ó Concello de Vigo a súa confianza en min, o seu propio apoio e a súa sensibilidade cara a unha das máis importantes expresións culturais dun país. Que tomen exemplo. Falta fai.

(Publicado nun folleto publicitario da película, Vigo, 1986)